



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E O CENTRO DE INICIATIVAS TURISTICAS

En Cervo a 10 de decembro de 2019

De unha parte, M^a Jesús Alvarez Bango DNI 11033695 C, en calidade de presidente do Centro de Iniciativas Turísticas con NIF V27012954.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que as entidades locais, en canto administracións públicas, poden exercitar a acción de fomento de actividades ou proxectos que sexan considerados de utilidade pública, interese social ou de promoción dunha actividade pública, mediante a concesión de subvencións, de conformidade co disposto polo artigo 2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LXS).

SEGUNDO: Que o artigo 22.2.a) da Lei 38/2003 prevé a posibilidade de concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar este tipo de subvencións.

TERCEIRO: Que o Centro de Iniciativas Turísticas participa en actividades dirixidas o turismo e solicitou do Concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados das mesmas. Dita axuda está prevista nominativamente no orzamento do Concello para 2019 na aplicación orzamentaria 334.48914 por un importe de 1.500 €.

CUARTO: Que o Concello actúa en virtude das competencias atribuídas pola lexislación básica sobre réxime local nas materias de promoción de actividades dirixidas ó turismo.

En base ó anteriormente exposto, o Concello de Cervo e o Centro de Iniciativas Turísticas asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes





CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a subvención finalista, prevista nominativamente nos presupostos do Concello para 2019 para colaborar no financiamento da actividade consistente na organización, coordinación e realización dos eventos necesarios para a celebración de actividades dirixidas ó turismo durante o ano 2019.

Segunda.- O Concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 1.500 € con cargo á partida 334.48914 ó Centro de Iniciativas Turísticas para a realización das ditas actividades.

Terceira.- O Centro de Iniciativas Turísticas comprométese á organización e participación nas actividades dirixidas ó turismo, particularmente aquelas que teñan un beneficio para a comunidade, permitindo, en todo caso, a máxima participación veciñal en dita organización.

Así mesmo, o Centro de Iniciativas Turísticas comprométese a xustificar a realización das ditas actividades dirixidas ó turismo coa presentación dunha memoria explicativa das actividades realizadas. A xustificación dos gastos subvencionados realizarase mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención e, en todo caso, antes da fin do presente exercicio, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó Concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas.

Cuarta.- Serán subvencionables todos aqueles gastos correntes de funcionamento da asociación e da organización das actividades dirixidas a mulleres que constitúen o obxecto da mesma, que sexan indispensables para o cumprimento da finalidade do mesmo.

Quinta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

Sexta.- A duración do presente convenio esténdese ata a completa realización dos eventos que constitúen o obxecto do mesmo e a actividade administrativa necesaria para a súa completa xustificación, sempre dentro do exercicio presupostario 2019. Ten carácter improrrogable e, en ningún caso poderá estenderse ao exercicio 2020.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida dentro do prazo de vixencia sinalado.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



Alfonso Villares Bermúdez

Presidenta Centro de Iniciativas Turísticas

M^a Jesús Álvarez Bango

